


Guillermo Vázquez, autor de dous libros: *PENSANDO DETRÁS DO LAR* e *A VIDA DO POBRE*

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL*

Guillermo Vázquez, nacido no ano 1897 en Fervenzas (Betanzos) é autor de dous libros publicados nos anos trinta, o primeiro, *Pensando detrás do Lar* co subtítulo *Con arreglo se habla en Galicia en 1930*, e o segundo, *A vida do pobre* co subtítulo *Según se habla en Galicia en 1932*. Nunha introducción no segundo libro de 1932 declara ter 35 anos e levar 20 anos escribindo. Defínese aquí mesmo como poeta dos sentimentos e da natureza.

O primeiro libro publicado, *Pensando detrás do Lar* co subtítulo en castelán *Con arreglo se habla en Galicia en 1930*, xa na portada leva unha cuadro que fai alusión ao título e á temática: *Moito viva o Lar Gallego/Que honra a toda Galicia;/Xa en todo mundo saben/que é da xente que hay máis lista*. Consta dunha introducción poética na que en clave metapoética o eu fala do propio libro e do oficio de poeta, afirmando que para poder facer poesía hai que nacer poeta e contando o moito que tivo que cavilar para estruturar o libro.

A primeira peza é unha obra que pode representarse, obra teatral polo tanto, titulada *A pastora roubada*¹, con acotacións escénicas en castelán e romanzas para entreter o público mentres a compañía descansa, dividida en tres partes, sendo a terceira parte máis narrativa que dramática. Na primeira parte aparecen Marica e Farruco, pais dunha rapaza pouco atractiva de 18 anos chamada Marta, que pretende casar. Marta anuncia á súa nai que lle falou de casar o fillo do tío Xan da Agra, recién chegado de Cuba. Chama á porta Antón, o pretendente, e o pai dela preguntalle polo seus traballos, respondendo el que foron varios en Cuba, destacando o de tenor e pedindo permiso para cantar. A canción fala da emigración e da saudade da terra, prometendo non marchar nunca máis. Remata a primeira parte coa despedida de Antón e a invitación dos pais de Marta aos pais del para que os visiten, prometéndolle Marta estar máis guapa cando a visite de novo. No final danse as indicacións de como debe ser o decorado desta primeira parte: unha montaña con dúas casas no val que serán as vivendas dos pais dos namorados.



Guillermo Vázquez.

*Concepción Delgado Corral, betanceira, é Doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Catedrática de Lingua e Literatura Galega do Instituto "Francisco Aguiar" de Betanzos.

¹*Pensando detrás do Lar*, pp.3-9.

A continuación vén unha «Romanza de tenor para dar variedades, mientras la compañía descansa». Curiosamente as acotacións e indicacións escénicas aparecen en lingua castelá, en contraposición á lingua galega, que é a lingua da peza dramática. Nesta romanza, establécese un diálogo entre o Tenor, o Mozo e a Bailarina. A bailarina fala en castelán criticando ao Tenor por pedir que lle servisen caldo nun cabaré; o Tenor responde que o caldo é o primeiro prato que se serve en Galicia e a continuación enumera unha serie de ricos manxares desta terra, que nada ten que envexar ás outras. A peza serve para entreter e facer rir ao público que espera.

A segunda parte presenta a chegada de Antón á casa e a conversa cos seus pais Xan e Sabela, que desexarían unha moza rica para o seu fillo porque consideran que Marta é de mala casta. A continuación ou simultaneamente preséntanse as conversas na casa de Marta, recomendándolle a nai ir aprender á escola para darlle máis gosto a Antón. Acompaña a súa nai e falan co mestre que responde en castelán. Entra Antón na escola e ela invítao a unha fiada. O desenvolvemento é rapidísimo e esquemático, aparecendo xa na fiada e na continuación o diálogo nada amistoso das nais dos amantes. Non diferencia ben as partes, misturando o que deberían ser cadros diferentes. Antón vai ao Monte do Gato para encontrarse con Marta que está alí pastando as vacas. No seu lugar tropeza coa nai dela que o despide a pedradas. Antón encóntrase coa muller que bota as cartas quen lle anuncia que ha casar con ela e que lles irá ben. Á noite cántalle unhas poesías. Escóitao a nai de Marta que lle canta tamén á filla recomendándolle que non faga caso das promesas de Antón e que pense nun mozo novo. Antón e Marta falan en voz baixa en forma de verso, pedíndolle el que baixe para marchar xuntos por España. Acaba así a segunda parte e danse as indicacións do decorado: unha paisaxe cunha casa onde se vexan marchar por unha fraga para chegar ao ferrocarril. En realidade dáse o decorado do último cadro pero non se fala para nada dos varios decorados que aparecen nesta segunda parte.

Entre a segunda e a terceira parte aparecen dúas composicións poéticas que falan dos galegos e das belezas de Galicia, entre elas, o xamón, o viño, os grelos, para cantar a coro ou por unha bailarina soa.

A terceira parte vai introducida pola simple indicación «Collen o tren a Sevilla». Esta parte ten pouco diálogo, facendo a descrición pormenorizada da roupa de Marta. Antón cómpralle en Sevilla roupa nova. Alí van a un baile e, ao pisalo Marta, el déixaa soa, e ela dándose conta de que estaba bailando soa, asústase pensando que Antón se marchara. Mandan tocar unha «Muiñeira» e todos os aplauden. Á noite acórdanse dos pais e Marta bota de menos o «Lar Gallego», facendo unha exaltación deste á muller da pensión aínda que xustificando a súa marcha polo seu amor. Regresan a Galicia sendo moi ben recibidos. Máis que pensada para representar, esta parte é narrativa, construída como un conto que vai acompañado dunhas estrofas poéticas cando Marta xustifica a súa fuxida: *Mientras se poida, ruala;/e cando un é mozo, gozar;/que despois a carne vella/nadie a quere aproveitar// Tódalas cousas se fan con gusto/cando a sangre ten boa forza;/pro cando os nervios non poden,/pouca cousa nos abonda*².

A continuación, baixo o título de *Muiñeira*, aparece o poema «Lumeiradas do San Juan»³, poema costumista no que se canta a festa e as lumeiradas de San Xoán en Galicia, con todas as crenzas que implica: *Xuntan a auga das Sete Fontes,/pro desayuno, como reliquias,/pra que non entre o mal de ollo,/según costumbres que hay en Galicia./Mañán*

²Ob. cit., p. 28.

³Ob. cit., pp. 30-31.

de San Juan,/tenche a sona,/que é das do ano/a máis criadora./Din os labradores/cando algo fan:/»Médralle, como/a mañán de San Juan».

O seguinte poema é o titulado «Discurso Gallego»⁴ no que o eu fala de si mesmo, poema autobiográfico, onde se fai tamén a defensa da lingua galega e da súa utilización: *¿Por qué ei de ter vergonza/nin falar chapurreado/ese gallego tan melodioso/que meus padres me enseñaron?/E desprestixiar a fala/e as costumbres en que fun criado;/gallego de puras cepas/non teño porque negalo./Ei falar sempre o gallego/e saber o castellano;/si me chaman atrasado/respóndolles de contado:/Falácheme en castellano/e pilleiche todas túas;/contéstochas en gallego/e non comprendes ningunha.*

«Coplas Gallegas»⁵ é o título que introduce unha serie de cuadras independentes onde o eu fala da súa terra, dos amores e das festas, tres festas de Betanzos que, tan boas, ninguén as ten: San Roque, os Caneiros e os Alborotados. Sen dúbida hai moito de autobiográfico tamén nestas cuadras, falando da súa xeografía vital: *Viva Vexo, viva Aranga,/terra donde me criei,/viva a Costa do Sal,/canto eu te paseei.*

Continúa co *Conto*⁶, que máis que conto é un breve diálogo escénico en galego entre Manuela e Pedro levándose a contra.

«Cantares do muiñeiro»⁷, composición de catro cuadras e unha estrofa de seis versos co tratamento dun tipo popular galego como é o do muiñeiro que tantos poemas e contos orixinou na literatura galega. As estrofas son independentes non existindo unha continuidade argumental.

«Un recuerdo a los muertos»⁸, poema autobiográfico no que o poeta situado no Monte do Gato contempla catro cemiterios: Rodeiro, Bandoxa, Ois e Fervenzas. Esta contemplación faille recordar aqueles que xa morreron, convertíndose nun Ubi Sunt, ao preguntarse o eu poético polos que xa non viven. Este poema comeza moi ben e non remata tan ben, nin temática nin formalmente, desviando o tema a problemas morais e consellos para gañar o ceo. Acertados son os versos iniciais e aqueles nos que fala daqueles que descansan neses catro cemiterios: *Corpiños que gasta a terra,/cavilei en estas palabras;/Valentes e homes humildes,/mozos e rapazas guapas,/vós, que fostes como eu,/labradores e outras crases,/valentes e ducididos;/¿por qué agora non falades?*

«Pensamientos del autor»⁹, título en castelán para un poema escrito en galego. Consta dunha serie de estrofas que glosan pensamentos do propio autor. Unha vez máis o autor pretende dar un carácter autobiográfico ao libro. Estes pensamentos que o autor se atribúe, en realidade son pensamentos populares correntes.

«Recuerdo»¹⁰, poema en castelán dedicado a SS. MM. D. Alfonso XIII e Dona Vitoria Eugenia de Battemberg na súa estancia en Galicia, recordando en concreto o seu paso por Montsalgueiro. O autor maniféstase ao final desta composición como contrario á pena de morte, solicitando dos reis a suspensión desta.

«A Concepción Arenal»¹¹, composición poética en galego, dedicada a esta ilustre muller, engadindo unha nota autobiográfica ao falar da súa propia morte: *Moi preto serei*

⁴Ob. cit., pp. 32-33.

⁵Ob. cit., pp. 33-34.

⁶Ob. cit., pp. 35-36.

⁷Ob. cit., p. 37.

⁸Ob. cit., pp. 38-40.

⁹Ob. cit., pp. 41-43.

¹⁰Ob. cit., pp. 44-46.

¹¹Ob. cit., pp. 46-47.

teu compañeiro./este mundo haino que deixar;/pasou o tempo sin me dar conta./poucos anos un pode gozar.

«Adiviñanzas»¹², serie de cuadras nas que glosa refráns aínda que o título parece indicar adiviñanzas.

«Parrafeo de un gallego con una madrileña, en una fiesta aldeana»¹³, diálogo teatral en castelán, introducido por unha breve acotación. O diálogo está orixinado entre El e Ela. Acaba facendo unha exaltación de Galicia por parte dos dous personaxes.

«Coplas Antiguas»¹⁴, xustifica estas coplas como dadas por persoas vellas ao autor para este libro xunto con outras coplas modernas. Son unha serie de cuadras populares ás veces repetidas con variantes, glosas do saber popular.

«O que se saca de escoitar»¹⁵, poema narrativo no que un tal Lucas escoita un diálogo amoroso tras dunha porta e emociónase por non poder ser el partícipe.

«Gallegos ilustres»¹⁶, composición en castelán, formada por cuadras, centrada en figuras ilustres de Galicia como Rosalía de Castro, Concepción Arenal, Condesa de Mina, Filomena Dato, María Pita, Teresa Herrera, Manuel Murguía, Lamas Carvajal, Curros, Pondal, Linares Rivas, Canalejas, Eduardo Dato, Montero Ríos, Figueroa, Arcebispo Carracido, Piñeiro, Loriga, Franco o aviador, Artiñano y Pino, Romay Montoto, Frai Pedro Manzano. Os nomes van desde a literatura ata a política.

«Meu amigo Pepe Brañas,/é un amigo leal;/eu, vaya pra donde vaya,/no corazón te ei levar», con esta cuadra comeza un poema dedicado a este amigo do poeta¹⁷. Fala nel de persoas ben diferentes como o pintor Seijo Rubio, Cabanillas, Villar Ponte, irmáns García, Gómez Iglesias, Millán Astray e Paco Franco.

«Pasatiempos y ratos de buen humor. A estilo da miña terra»¹⁸, título bilingüe para introducir un diálogo escénico en castelán, orixinado entre as diferentes cartas da baralla.

«Contos da aldea»¹⁹, son tres contos populares, os dous primeiros tratan dos avogados e a xustiza e o terceiro dun rapaz que discute co cura sobre os saberes da doutrina e os dentes das ovellas.

«O agro gallego»²⁰, prosa en castelán onde fala da situación do campo galego, da muller galega e do seu traballo no campo, pedindo respecto para os labregos, que os escoiten e que os enxeñeiros sexan galegos ou que coñezan moi ben a situación do campo galego.

«En Galicia debí de ser»²¹, primeiro verso do poema sen título, en castelán, onde fala das belezas de Galicia e da Coruña.

«Despedida»²², é o penúltimo poema, en galego, moi longo e de carácter autobiográfico e metapoético no que o poeta fala da súa situación como fillo dun labrador e dos motivos

¹²Ob. cit., pp. 48-49.

¹³Ob. cit., pp. 50-53.

¹⁴Ob. cit., pp. 54-57.

¹⁵Ob. cit., p. 58.

¹⁶Ob. cit., pp. 59-54.

¹⁷Ob. cit., pp.63-64.

¹⁸Ob. cit., pp. 65-66.

¹⁹Ob. cit., pp. 67-71. Intercala nos contos de avogados dous refráns: *De testarudos e porfiados, vivimos os abogados* (no primeiro conto), e *Este vello pelueiro/foi criado na montaña, non dá o que ten ós abogados/por arrebatos ou rabias* (no segundo conto).

²⁰Ob. cit., pp. 72-74.

²¹Ob. cit., p. 75.

²²Ob. cit., pp.76-79

que o levaron a escribir o libro. Defínese como non ilustrado, afirmando que escribe o libro na leira do Gandarón, mentres as súas vacas están pastando. O poema convértese nunha serie de consellos morais dirixidos aos xoves para que fuxan dos vicios e miren polos seus pais. Afirma que a fala na que vai escrito o libro non é a fala galega senón a fala da súa terra. O seu galego está por veces misturado co castelán como ocorre nesta composición na que a penúltima estrofa está escrita en castelán mentres que o resto está en galego.

«Últimas palabras del autor»²³, poema constituído por unha cuadra en castelán de carácter moral; esta é a composición final do libro.

Este primeiro libro está constituído por unha heteroxeneidade de textos que van desde pezas dramáticas ou diálogos escénicos, pasando por contos populares e textos en prosa de carácter reivindicativo, laudatorio ou moral, ata os poemas populares. Nunha mesma composición pode aparecer a prosa e a poesía. A temática é tamén variada, destacando a costumista no tratamento de tipos, tradicións e festas populares. Está presente a defensa da lingua galega e da súa utilización por parte dos galegos a pesar de que as súas pezas misturan galego e castelán. Maniféstanse certas reivindicacións de tipo agrarista aínda que a ideoloxía do autor é un tanto confusa no eloxio de figuras tan contrarias como Villar Ponte e Millán Astray ou Paco Franco. O «eu» dá unidade a toda esta maraña cunha actitude autobiográfica na que aparece a súa xeografía vital formada por Fervenzas, Betanzos, Vexo, Aranga e a Costa do Sal. Esta xeografía vital é a que provoca unha certa liña elexíaca, manifesta sobre todo no tema do Ubi Sunt que aparece na contemplación dos cemiterios de Rodeiro, Bandoxa, Ois e Fervenzas.

O segundo libro é o publicado en 1932 co título galego *A vida do pobre* e co subtítulo en castelán *Según se habla en Galicia en 1932*. Xa na portada aparece Guillermo Vázquez como o autor do primeiro libro *Pensando detrás do Lar*. Como no caso da primeira publicación, hai tamén na portada unha cuadra que fai alusión ao título e á temática do libro: *A vida do pobre é/unha vida tan escrava,/unque viva na pobreza/din os ricos: non ten falta*.

A continuación aparece unha introducción en prosa e en castelán titulada «Al que leyere», asinada por EL AUTOR, na que explica que o primeiro que pensou foi que non figurase o seu nome nesta publicación. Seguidamente fala dos anos que ten e dos que leva dedicado á literatura, definindo reiterativamente a súa poesía como do sentimento e da natureza.

O primeiro que aparece é un relato en prosa titulado «As dúas casas do pazo»²⁴. Nestas casas vivían dous labradores honrados casados: Xacobo o «Caladiño» casado con Micaela, pais dunha filla chamada Rosa; na outra casa vivían Xacinto e Culasa cos seus dous fillos, Xosé e Pedro. Xosé estaba casado. Os pais pretendían que Pedro casase con Rosa, cousa que tamén era ben vista pola nai desta. Esta invítalo á súa casa e chega esa mesma noite sorprendéndoos facendo as papas; esconden o pote das papas dentro do armario e o ruído que fan é escoitado por Pedro que pregunta que é ese ruído, contándolle todo o criado. Casan e traballan para pagar o que deben, por isto el decide emigrar a Buenos Aires. Desde Lisboa mándalle a Rosa unha carta con este texto en castelán: *Voy sin novedad. Te recuerda Pedro que nunca te olvida*. Pronto conseguiu traballo e empezou a mandar cartas, pero as cartas xa non eran tantas porque a ama da pousada na que residía tiña amores con el. Destas relacións naceu unha filla. Rosa escribe á súa madrriña que estaba en Buenos Aires pedíndolle que lle pagase a pasaxe para ir ver o que pasaba. No barco namórase dela o

²³Ob. cit., p. 79.

²⁴A *Vida do Pobre*, pp. 3-15.

mordomo alemán que en castelán lle di que quere casar con ela; Rosa rexéitao. A madriña infórmaa do que pasa e ela non quere ver a Pedro, pero véndoas este na rúa, vai á casa da madriña e proponlle a Rosa xuntarse, cousa á que ela se nega. Rosa regresa no mesmo barco e Pedro marcha tamén para Galicia. Os pais lévano á casa de Rosa e esta di que o acepta se o acepta súa nai pois ela fora xa a que decidira que casase con el e tamén a que decidiu que marchase a Buenos Aires. Hai neste conto toda unha crítica á emigración e a defensa dunha filosofía de conformidade coa situación de «Vida de Pobres».

«Cuentos antigos. Dados por personas viejas para este libro»²⁵, este é o título en castelán que introduce dous contos en galego e dous contos en castelán. Os contos en galego levan frases en castelán. O primeiro trata dos amoríos dunha muller co seu compadre e sêrvelle ao autor para introducir unha serie de refráns populares sobre o tema do esposo enganado. O segundo trata dos mal entendidos que pode provocar unha frase con dobre sentido: a moza da cidade que veranea na aldea pensa, ao doerlle as moas, ter o «mal do gato», que súa nai lle dixera que era o ruído que facían fóra os mozos. Ao mandarlle os veciños un mozo, este é botado a empuxóns pola moza. O primeiro conto en castelán é unha crítica á relixión, feita a través dun neno que razoa que os actos fúnebres deberían sobrar porque só os poden pagar os ricos. O segundo conto en castelán fala da viaxe a Madrid do fillo dun cacique. O pai mándao visitar un home que lle debe a acta de deputado. Os fillos do deputado, considerando que lles vai estropear o día, están enfadados co aldeán. A sorpresa é grande cando ven as boas maneiras, a educación e a cultura do rapaz moi superior á deles que non coñecen nada da propia cultura de Madrid que o mozo quere contemplar. Un tema recorrente no autor é a defensa da cultura dos galegos porque sente que os consideran paletos e inferiores no exterior.

«La ignorancia»²⁶, título en castelán para un poema en galego que trata dun tema popular como é o dos santos milagreiros de Galicia, citando entre eles os do seu entorno: *Santa Crus de Aranga ten/moita forza aló no ceo,/coa auga da sua fonte/medra a fruta que dá medo,/hay quen di é millor pras terras/que nin minelar nin esterco./A Santa Crus de Mondoy/saleu unha lacazana,/nunca ganou unha peseta/nin con auga nin con nada./Fray Pedro tamén se opón/a calquera mal que sea/pois por un pernil de cocho/non hay mal que el non entenda.* A continuación o eu queixase dos santos da súa igrexa que non fan milagres: *Os santos da miña igrexa/nunca eles perras xuntaron,/pois si eu son crego dela/xa os tiña estropeados/e traigo outros millores/deses que fan ben milagros.* O poema leva unha parte final que se titula «Comentario» na que o autor, en castelán, critica os usos e costumes da igrexa que explota o tema dos santos milagreiros para facer cartos: *Dicen: Cristo vertió sangre/y la pintan en el madero,/pues por ella llena el cura/sus bolsillos de dinero.* Declárase como comprometido neste tema, afirmando que os escritores e poetas deben lamentar estas prácticas: *No hay escritor ni poeta,/siendo pensador verdad/que no lamente la ignorancia/en que aún la gente está.*

«A mi novia»²⁷, poema en castelán do que se afirma a procedencia como «De mi Álbum». O eu expresa nesta composición os seus sentimentos amorosos, abatido pola ausencia da amada. Poema máis ou menos ben conseguido, que manifesta a sentida dor do amante en termos delicados, ata que se estropea coa alusión ás caricias que afirma ter feito na «pechuga» da amada: *Mis caricias han sido tan grandes/cuántas veces besé tu pechuga/qué felices horas aquellas/de cariño, de amor, de fe, con locura.*

²⁵Ob. cit., pp. 16-21.

²⁶Ob. cit., pp.22-24.

²⁷Ob. cit., pp. 24-25.

«Pescadores de Galicia»²⁸, é un poema en galego no que canta o duro traballo dos pescadores ao mesmo tempo que critica outros traballos como o dos xenerais, secretarios de axuntamentos, cregos ou notarios. A crítica aos cregos é un tema recorrente en toda a obra do autor: *Ou si fórades cregos,/que mil diabros falta fan,/máis que pra dar ceio ós ricos,/pois pra os probes xa non hay,/porque nós non temos cartos/prá lle lo poder pagar;/nunca lles faltan decretos/e máis andan a pescar.*

«Canción»²⁹, é outro poema que figura como «De mi Álbum», serie de cuadras en castelán nas que o eu conta que encontrou nun portal unha nai cos seus fillos pequenos sen medios por estar o seu home no hospital a consecuencia da caída dun andamio. Na cuadra final o eu defínese como autor que compuxo este poema e que entregou unhas moedas á muller.

«Amor patrio»³⁰, poema en castelán, autobiográfico, no que o autor fai metapoética falando de si mesmo como autor de dous libros.

«Os Trafoleiros»³¹, poema en galego no que o eu dirixe a súa voz aos galegos criticando a aqueles de fóra de Galicia por atacar o sentimento da morriña. A continuación lamenta a perda de Rosalía e Curros, grandes defensores da nosa terra.

«Al ser mozo»³², poema en castelán, encanto amoroso que se rompe coa palabra «fulana» pronunciada pola nai da moza.

A continuación vén un poema en castelán asinado por Juan Sarrabona que vai precedido desta dedicatoria: *Al gran poeta Guillermo Vázquez/Los cuatro cementerios de su libro PENSANDO DETRÁS DO LAR*³³. É un poema metaliterario no que este autor fala da composición do primeiro libro de Vázquez na que, situado no monte do Gato, contemplaba os catro cemiterios e se preguntaba polos que estaban mortos. Os eloxios a Vázquez son esaxerados, cualificándoo como «un poeta que ninguén pode igualar», e o poema como un canto «magnífico e divino».

«El vicio y la moda»³⁴, poema en castelán no que se critican os vicios das xentes.

«A Betanzos mi tierra natal»³⁵, poema en castelán no que canta a Betanzos e ás súas mulleres, comparándoas co viño do Porto. O autor denomina a Betanzos como berce de escritores.

Seguidamente aparece un poema en castelán coa seguinte dedicatoria: *Al genial autor de PENSANDO DETRÁS DO LAR, Guillermo Vázquez, su amigo y admirador, Alfredo Curiel, abogado de Betanzos*³⁶. Neste poema fálase de que Vázquez foi criticado e acusado de plaxio nos seus poemas. Curiel considera a obra de Vázquez como «portentosa» e ao autor como «Bardo Gallego».

«A mis críticos»³⁷, poema en castelán que ten relación co anterior en canto que o autor fala dos que criticaron a súa obra e afirma que non o ofenden porque el non se inclina ante ninguén.

²⁸Ob. cit., pp. 26-27.

²⁹Ob. cit., pp. 28-29.

³⁰Ob. cit., pp. 30-31.

³¹Ob. cit., pp. 32-33.

³²Ob. cit., p. 34.

³³Ob. cit., p. 35.

³⁴Ob. cit., pp. 36-37.

³⁵Ob. cit., pp. 37-38.

³⁶Ob. cit., pp. 39-40.

³⁷Ob. cit., pp. 40-41.

«Canto a Galicia»³⁸, poema en castelán co subtítulo «Pensando en ti» e con influencias rosalianas. O autor canta a Galicia en dúas estrofas. Case calca o poema de Rosalía «Adiós ríos, adiós fontes»: *Tierra que me vió nacer/lugares que tanto he amado/montañas que me han criado/jamás os podré olvidar./Maizales que escarbé/pinares que he cortado/noches en que yo rondé/campiñas que he trabajado.*

«La avaricia»³⁹, poema en castelán no que se critica este vicio.

«Ahí va eso»⁴⁰, poema en castelán autobiográfico e metapoético no que o autor fala dos que se burlaron dos seus versos. Afirmo que ha de gañar a fama de gran poeta.

«La Humanidad»⁴¹, título en castelán para un poema escrito en galego. O poeta fala da súa morte, facendo unha defensa dos pobres como el, defensa constante na súa obra. Están presentes as reivindicacións sociais, na defensa da propiedade da terra para quen a traballa: *Si a terra é de quen traballa/como Cristo dixo entre irmáns,/¿como o rico se fixo con tanto/e sin nunca querer traballar?*

«Consejo»⁴², poema en castelán no que fala unha vez máis dos pobres e das inxustizas que padecen, dándolles unha serie de consellos prácticos.

«Ella»⁴³, poema en castelán pouco conseguido, de escaso gosto, e de temática amorosa.

«San Roque mais os Caneiros»⁴⁴, poema en galego de tipo costumista no que canta as festas de Betanzos. Na parte final o poema pasa de costumista a histórico e case épico falando da fundación da cidade de Betanzos: *Betanzos fundouno Brigo/que era fillo de Yubal/foi bisneto de Noé,/¿onde esos tempos che van!pro inda hoxe conserva/o escudo de Brigancia/unhas copas que hay en pedra/de falangue muy romántica/que fai creer que é o berce/dos poetas de España.* Remata co tributo das doncelas: *A ofrenda que o rei Brigo/ós moros lles pagaba/tres mozas muy feitiqeuiras/todos os anos lles daba,/pois nunhas barquiñas viñan/aló no bran a buscalas,/mais elas de aquel tratado/non quixeron saber nada/preferían pois morrer/antes que ir de mundanas.*

«Cuento de los libros de mi niñez»⁴⁵, é un relato en castelán que narra un suceso da vida do Papa Clemente cando vai celebrar as vodas dunha sobriña en Marsella: tres xoves damas viúvas solicitan dispensa para comer carne os días prohibidos. O que intercede por elas diante do Papa interpreta que solicitan ter contacto carnal fóra do matrimonio. Curioso relato moi alonxado da temática costumista e rural dos relatos do autor aínda que coa mesma picardía e coa utilización do equívoco provocado pola lingua, fenómeno que aparece máis veces. En realidade é a súa versión dun conto lido por el na infancia.

«Miña Terra»⁴⁶, poema en galego, en cuadras, no que canta a Galicia e á muller galega. Alude, como outras veces, ao poeta da Raza, cualificándoo de modesto.

«Cando era rapás»⁴⁷, poema en galego, en cuadras, composto de refráns e anécdotas populares.

«La burguesía»⁴⁸, poema en castelán, en cuadras, dirixido aos burgueses, aos que critica e cataloga de «cerdos», augurando un futuro no que o pobo se erga contra eles, cobradores de impostos e gravadores da terra.

«Betanzos y sus tiempos del rey Brigo»⁴⁹, poema en castelán, en cuadras, no que por segunda vez fala da historia da cidade de Betanzos, do tributo das, neste caso dez doncelas, do marqués de Figueroa e do ataque con pólas de figueira, poema cun fondo épico no que se afirma que Galicia foi a primeira terra en España que se negou a ofrecer este tributo.

«¡Morte! ¡Morte!, pra que eu nacín»⁵⁰, é o primeiro verso dun poema en galego, sen título, en cuadras, no que o eu se dirixe á morte, que logo virá por el, e fai unha crítica dos ricos como tantas outras veces, denominándoos como «lampantíns». Obsérvanse influencias de Curros no anticlericalismo, sobre todo na última cuadra: *Si este mundo é o que eu fixen,/dirá Cristo si ven a mirar,/veña o demo que marche con todos,/que conmigo nos pode levar.*

Aparece seguidamente unha Felicitación da Academia Española ao autor do libro *Pensando detrás do Lar*⁵¹. Di que en sesión celebrada o 13 de febreiro de 1930, despois de examinar o libro *Pensando detrás do Lar*, acordou por unanimidade felicitar ao autor, dándolle as gracias polo envío dun exemplar e recoñecéndoo como poeta e literato que figurará entre os escritores de España. Asina E. Cotarelo. O autor non deixa de incluír todo o que sexa positivo acerca do seu traballo de escritor e do seu libro anterior.

«Maruxiña»⁵² de Pondal, co subtítulo «¡Ei, carballeira!»!, é o seguinte poema en galego, versión de Vázquez do poema pondaliano, corrixida e aumentada.

O carácter de obra unitaria, interrelacionada, aparece na intertextualidade manifestada constantemente e moi explícitamente na seguinte composición co título de Continuación de «A pastora roubada» (viene del otro libro)⁵³. Diálogo dramático en castelán entre un El que é rexeitado na súa solicitude de amores por Ela e a intervención final dun coro que fala en xeral do amor, dirixíndose finalmente ás mulleres galegas, facendo unha exaltación delas.

«Vals de mi Álbum de niño»⁵⁴ co engadido «Y reformado por el autor», poema en castelán que fai referencia como outras veces a un Álbum do autor que aquí confirma que é un Álbum de cando era neno. Afirmo que o poema público agora reformado. A unidade da súa obra e a intertextualidade maniféstanse unha vez máis. Poema amoroso no que se lamenta o eu pola ausencia da amada, tema xa repetido.

«Jota gallega»⁵⁵, poema en castelán no que fai unha exaltación de Galicia e da muller galega, superior ás outras mulleres de España. Vai unha vez máis contra o sentimento de vergoña que poden sentir os galegos.

«¡Galicia!»⁵⁶, relato en prosa, no que fai o eloxio da terra galega.

Este segundo libro remata coas seguintes palabras de propaganda para que os lectores lean o primeiro libro: *LEA PENSANDO DETRÁS DO LAR, POR EL MISMO AUTOR.*

³⁸Ob. cit., pp. 42-43.

³⁹Ob. cit., pp. 43-44.

⁴⁰Ob. cit., pp. 45-46.

⁴¹Ob. cit., pp. 47-48.

⁴²Ob. cit., pp. 48-49.

⁴³Ob. cit., p. 50.

⁴⁴Ob. cit., pp. 51-53.

⁴⁵Ob. cit., pp. 54-55.

⁴⁶Ob. cit., pp. 56-67.

⁴⁷Ob. cit., pp. 58-60.

⁴⁸Ob. cit., pp. 61-62.

⁴⁹Ob. cit., pp. 63-64.

⁵⁰Ob. cit., pp. 65-66.

⁵¹Ob. cit., p. 67.

⁵²Ob. cit., pp. 68-69.

⁵³Primeira peza do primeiro libro do autor, obra teatral, titulada *A pastora roubada*, con acotacións escénicas en castelán e romanzas para entreter ao público, dividida en tres partes.

⁵⁴Ob. cit., pp. 72-73.

⁵⁵Ob. cit., pp. 74-76.

⁵⁶Ob. cit., pp. 77-78.

O segundo libro consta de poemas e relatos en prosa, escrito en parte en galego e en parte en castelán, misturando en moitas composicións as dúas linguas e os dous xéneros. Xunto cos diferentes tipos de textos do autor, aparecen escritos como o que a Academia Española lle dirixe, agradecéndolle o envío do seu primeiro libro e recoñecéndoo como «escritor de España», e composicións doutros autores que eloxian a obra de Guillermo Vázquez. Pola composición de Alfredo Curiel sabemos que o autor foi acusado de plaxiario. Tanto el como os outros autores falan constantemente do primeiro libro e esta intertextualidade maniféstase literariamente na continuación dun diálogo dramático que aparecía naquel. As liñas temáticas son múltiples como no caso do primeiro libro, empezando pola metapoética definindo a súa poesía como do sentimento e da natureza e defendéndose daqueles que critican a súa obra; unha poesía de tipo costumista na que canta as festas do seu entorno como a Santa Cruz de Aranga, os Caneiros ou San Roque en Betanzos, tipos populares como os pescadores; poesía amorosa que case sempre estropea coa introducción de trivialidades. Tanto nos textos en prosa como nos poemas aparece neste libro a influencia de Curros Enríquez manifestada na defensa dos labregos e dos pobres, entre os que el se sitúa, e na crítica dos burgueses aos que considera cobradores de impostos e gravadores das terras, reivindicando a terra para quen a traballa. A influencia de Curros está presente tamén na crítica á igrexa pola súa explotación dos santos milagreiros⁵⁷, e tamén polo feito de cobrar polos actos fúnebres. En realidade esta liña de poesía crítica debería ser central no libro de acordo co título pero el mesmo elimina esta posibilidade definindo a súa poesía como «do sentimento e do corazón», aínda que nun determinado momento reclame como función do poeta a crítica de certas prácticas como a actuación pouco ética dos cregos. O libro, no que figuran pezas que el escribira no seu «Álbum de neno» e que agora reelabora, a pesar dos intentos e das influencias de Rosalía, Pondal e Curros, non pasa de ser un libro constituído na súa maior parte por composicións costumistas poucas veces felizmente conseguidas.

O interese deste autor reside no valor da súa obra para o coñecemento da lingua galega, non en Galicia como el afirma nos subtítulos dos dous libros, senón máis en concreto na zona de Fervenzas onde reside. É unha lingua moi contaminada de castelán e nas dúas obras hai moitos erros tipográficos. O autor destaca como un defensor da utilización do galego en todas as facetas da vida e obsérvase o sentimento de inferioridade que os galegos sofren cando están con xentes doutras partes, motivo que continuamente utiliza para reafirmar o orgullo e a importancia de ser galegos.

Como literato, narrador e poeta, sente a atracción polas raíces populares da súa terra tal como podía facer un escritor de mediados do século XIX anterior a Rosalía. Neste sentido, hai dúas liñas temáticas: o gusto pola vida popular e natural, herdo do romantismo, e o maltrato de que os galegos son obxecto por parte do Estado.

Como moitos autores do século XIX as súas obras están constituídas por pezas en galego e en castelán o que, na época en que se publican, resulta anacrónico, respondendo a esa tendencia decimonónica na que enteiramente podemos situar o autor.

Nas súas composicións, tanto as dialogadas como as narrativas ou as poéticas, aparecen ambientes campesinos e o sentir das xentes do pobo, dentro da escola de tradición popular.

A cuadra, composición propia da poesía popular, predomina nas composicións poéticas, con logros máis ou menos afortunados.

⁵⁷Ironicamente laméntase o autor de non ter na súa parroquia santos milagreiros.